

REWIND - MOSTRA DE CINEMA KURDO

923

ESTREA EN NUMAX: 25.04.2022 | V.O.S.E.

Sesión dedicada ao traballo de produción, educación e difusión de filmes da Comuna Cinematográfica de Rojava, en Siria, que xira por toda Europa no proxecto Rewend, unha mostra itinerante de cinema kurdo.

A sesión comporase de dúas pezas: "Shadow of the Kurdish Mountain" (2018, 22') de Azad Evdikê, reconstrúe a masacre a cargo do exército turco á vila de Serêkaniyê. "Love in the Face of Genocide" (2021, 52') de Sêro Hindî, recolle e analiza as cancións do pobo yazadî, nas montañas de Shengal, onde o amor resiste a pesar das máis de 70 masacres rexistradas ao longo da historia, a última en 2014 a cargo do Estado Islámico.



O cinema kurdo e Rojava

Por Teymour Evdike

O cinema kurdo, como a maioría das artes, reflexa a loita do seu pobo e representa a voz da causa kurda e do Kurdistán ocupado. Podemos mesmo dicir que o cinema kurdo nace nas entrañas da cuestión kurda antes que dunha necesidade artístico-cultural. Isto non quere dicir que non teña e busque unha estética propia. Este cinema, por moito que puxese de manifesto a fragmentación desta terra e a súa cultura ou os impactos psicolóxicos sobre o pobo kurdo, ten acadado importantes logros artísticos como en *Yol*, de Yilmaz Güney (gañadora en Cannes 1982) ou *O tempo dos cabalos ebrios* (2900), de Bahman Ghobadi.

Coa chegada das novas xeracións, o cinema converteuse cada vez máis no centro da resistencia do pobo kurdo ante a inxustiza que se practica contra el. O cinema kurdo adquiriu a súa imaxe e identidade tanto dentro como fóra do país pola súa maneira de reflexar a inxustiza sufrida polo pobo kurdo e a resistencia contra esa inxustiza.

Non podemos falar moito do papel clave de Rojava no cinema kurdo antes da revolución do 19 de xullo de 2012 porque a persecución totalitaria e racial do rexime do Baath impedía o desenvolvemento e práctica de toda cultura kurda (en xeral) e do cinema (en particular). En 1985 tentouse dirixir un filme en Serêkaniyê, pero a pesar de que o director Karim Baqistan logrou rematar a produción, o filme nunca foi estreado debido aos problemas de seguridade e a intervención dos servizos de intelixencia do Baath. Ese filme é importante tamén porque foi o primeiro intento de producir cinema en Rojava.

Ante a imposibilidade de vivir e traballar en territorio kurdo, moitos traballadores do cinema migraron e seguiron a relatar desde a distancia a realidade do seu país. Son os casos de Manu Khalil ou Ekrem Heydo entre outros. Tamén cómpre destacar o filme *Halabja* (2013), un documental que acadou certa repercusión no seu momento, ou *Akito* (2013), dirixida por Riad Asmar, onde coñecemos a vida e os paradoxos do pobo asirio na diáspora.

Logo da revolución e a fundación da Comuna de Cinema de Rojava en 2015 o cinema kurdo despegou definitivamente con obras que percorren festivais internacionais como *A árbore solitaria* (2018), de Sêro Hindî, ou *The End Will Be Spectacular* (2020) de Ersin Çelik. Logo da revolución hai grandes expectativas para o cinema de Rojava, tanto intelectual como artisticamente. O éxito e o fracaso político e da industria do cinema no Kurdistán están inexorablemente unidos e non poden separarse. A produción de cinema será posible no Kurdistán se a loita kurda triunfa e prospera. Asimesmo, canta máis xente vexa os seus filmes maior vinculación se creará cos temas e a política kurda.

Unha persoa kurda é indiscutiblemente o heroe ou a heroína da comunidade. Como esa sociedade ten a súa propia psicoloxía, inspiración, dor, alegrías e derrotas o propósito fundamental desa sociedade debe ser levar a cabo a segunda revolución: o cinema.